

Decreto 164/2024, do 24 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2024/25.

Última versión

A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, establece no seu artigo 57.4.b) que o orzamento das universidades conterá no seu estado de ingresos os ingresos polos prezos públicos por servizos académicos e demais dereitos que legalmente se establezan. No caso de estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial, os prezos públicos e dereitos fixaraos a Comunidade Autónoma ou a Administración correspondente, dentro dun marco xeral de contención ou redución progresiva dos prezos públicos.

Con anterioridade, o Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, estableceu no seu artigo 12 que as comunidades autónomas fixarán os prezos públicos dos títulos universitarios oficiais que ofertan as universidades públicas, dentro dos límites máximos establecidos pola Conferencia Xeral de Política Universitaria, e que estarán relacionados cos custos de prestación do servizo académico, de acordo co disposto no Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, que modifica pola súa vez o artigo 81, número 3, parágrafo b), da Lei orgánica 6/2001, do 21 decembro, de universidades.

Así mesmo, consignaranse as compensacións correspondentes aos importes derivados das exencións e reducións que legalmente se dispoñan en materia de prezos públicos e demais dereitos.

Para os restantes estudos, os prezos públicos fixaraos o consello social da respectiva universidade, segundo o disposto no artigo 75.3.f) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (SUG).

A disposición adicional quinta da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, outorga aos referidos importes a consideración de prezos públicos. Pola súa parte, a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de definir no seu artigo 43 o concepto de prezos públicos, dispón, no seu artigo 47, que estes deberán ser regulados por norma con rango de decreto.

Neste contexto normativo, o presente decreto fixa os importes que deberá aboar o alumnado polos estudos universitarios conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional correspondentes ao curso 2024/25, tendo en conta o custo estimado dos servizos académicos, así como a diferenza entre o prezo da primeira matrícula fronte ao prezo da segunda e sucesivas matrículas, e ao abeiro do establecido no artigo 47 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.



Co obxecto de atenuar o esforzo do alumnado e das súas familias, o presente decreto mantén os mesmos prezos públicos do curso 2023/24 co fin de favorecer o acceso aos estudos universitarios e evitar posibles exclusións debidas a razóns económicas.

Así mesmo, introdúcese unha novidade importante para o alumnado de grao, consistente nun sistema de bonificacións dos prezos públicos financiado pola Administración da Comunidade Autónoma, coa finalidade de facilitar a matrícula para estes estudantes a partir do próximo curso 2024/25.

Esta medida ten como obxecto promover, en liña co establecido na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, o desenvolvemento social e económico sostible de Galicia, de forma que as persoas consideren Galicia como un lugar idóneo para vivir e establecerse, e desenvolver, en particular, o proxecto de estudos de grao que libremente escollan.

A perspectiva demográfica debe incorporarse a todas as políticas públicas e especialmente nos ámbitos familiar e educativo, entre outros.

Así, de acordo coa lei, as administracións públicas de Galicia deben considerar políticas prioritarias para o impulso demográfico as que faciliten a emancipación da xuventude, con programas específicos que promovan o seu acceso a empregos estables e de calidade, para o que resulta fundamental, entre outras medidas, facilitar o acceso aos estudos universitarios.

Neste sentido, o artigo 61 da lei establece que as administracións públicas de Galicia procurarán garantir as condicións necesarias para que as mozas e os mozos poidan desenvolver o seu proxecto vital e formar unha familia no territorio da Comunidade Autónoma a través da educación formal. Así mesmo, o artigo 67.3 establece que as administracións públicas galegas promoverán as condicións socioeconómicas necesarias para a atracción de nova poboación a todo o territorio da Comunidade Autónoma.

Tamén o artigo 62.1 da lei establece que a Administración autonómica desenvolverá una política educativa, nas diferentes etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensino a que se estenda a súa competencia, que teña en conta as necesidades do mercado laboral e as potencialidades do territorio, mellorando a adecuación da oferta á demanda e permitindo o desenvolvemento formativo na Comunidade Autónoma de Galicia.

No marco indicado, o artigo 37 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, refírese ao apoio económico para o acceso á educación infantil 0-3, e establece que a Administración autonómica garantirá o acceso de toda a poboación infantil á etapa educativa 0-3, o que inclúe a aplicación de bonificacións nos prezos públicos establecidos. As medidas previstas neste decreto afondan nesta medida, co obxectivo de que o acceso á educación en Galicia sexa practicamente gratuíto desde as escolas infantís ata finalizar un grao universitario.

Estamos, en particular, ante unha medida social e económica de apoio ás familias, por razóns de interese público, que supón dar unha maior facilidade económica para a entrada na universidade e que contribúe á igualdade de oportunidades.



A medida consiste nunha bonificación do 99 % do importe da matrícula, cos requisitos e condicións que se establecen neste decreto.

Esta medida abranguerá tanto o alumnado de continuidade como de novo ingreso que se matricule no curso completo do grao correspondente.

No caso do alumnado de continuidade, para acceder á bonificación, entre outros requisitos, exíxese que teña cursado estudos de grao correspondentes ao curso 2023/24 nalgún centro propio ou adscrito a unha universidade pública do SUG.

Polo tanto, tense en conta a continuidade dos estudos no SUG para a aplicación da medida, manifestación do desenvolvemento dun proxecto vital de estudos en Galicia como criterio razoable, obxectivo e proporcionado, pois asegura unha vinculación real e unha conexión da persoa beneficiada pola medida de bonificación coa Comunidade Autónoma de Galicia e unha integración no seu sistema universitario, en liña cos obxectivos da medida antes expostos. Deste xeito, no caso de estudantes de continuidade que se matriculen por primeira vez no SUG, as medidas de bonificación serán aplicables a partir do curso seguinte, unha vez evidenciadas a vinculación e a conexión indicada coa Comunidade Autónoma de Galicia e o SUG.

Así mesmo, cabe resaltar que para o alumno de continuidade a medida será de aplicación no caso de ter aprobada en primeira matrícula no curso 2023/24, como mínimo, a porcentaxe de créditos establecida neste decreto para cada rama de coñecemento.

A medida aplicarase tamén ao alumnado de novo ingreso na universidade. Neste caso, dado que no primeiro ano non se pode ter en conta a continuidade dos estudos no SUG para a aplicación da medida, utilízase o criterio de ter superado nalgunha das convocatorias de 2024 a proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) ou ben as probas específicas para maiores de 25 e 45 anos, organizadas pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG).

Este requisito, como o anteriormente exposto, unido ao da matrícula nunha universidade do SUG, pretende a acreditación de forma obxectiva da manifestación da intención do desenvolvemento dun proxecto vital de estudos en Galicia como criterio razoable, obxectivo e proporcionado, co obxectivo de buscar unha vinculación real e unha conexión da persoa beneficiada pola medida de bonificación coa Comunidade Autónoma de Galicia. Debe destacarse, en particular, que a realización das probas en Galicia está aberta de forma voluntaria aos estudantes de todo o territorio nacional, en igualdade de condicións, e que os seus contidos están determinados de forma que se garante a súa adecuación ás competencias vinculadas ao currículo do bacharelato vixente na Comunidade Autónoma de Galicia, elemento que serve para acreditar unha vinculación con Galicia. Para os casos de alumnado que non cumpra este requisito, as medidas de bonificación serán aplicables a partir do curso seguinte, como alumnado de continuidade, unha vez evidenciada a vinculación e a conexión indicada coa Comunidade Autónoma de Galicia e o SUG.

Os requisitos indicados promoven e fomentan, en definitiva, a continuidade do desenvolvemento formativo no territorio da Comunidade Autónoma.



Por outro lado, pode beneficiarse da medida, así mesmo, o alumnado de novo ingreso que teña superado no curso 2024 un ciclo formativo de grao superior. Neste caso, dado que non se exige na normativa proba de acceso, e tendo en conta a especificidade desta modalidade de acceso e os estudos previos acreditados, que garanten xa unha formación orientada ao mercado laboral que permite xa desenvolver unha profesión, non se establecen requisitos específicos.

Esta bonificación é independente do nivel de renda e patrimonio.

O novo sistema de bonificacións en ningún caso substitúe o sistema nacional de bolsas, polo que o estudantado beneficiario deste, ou que poida chegar a selo, estará obrigado a solicitar as ditas bolsas mentres poida ser beneficiario delas. Deste xeito, a bonificación regulada neste decreto poderá beneficiar o estudantado que non obteña a bolsa de matrícula estatal.

Así mesmo, trátase de fomentar o rendemento académico, beneficiando economicamente o estudantado que cumpra co deber que establece o artigo 105.1.a) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, de «exercer a súa condición con aproveitamento e dedicación», e primar a excelencia do alumnado das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia e dos seus centros adscritos, motivo polo cal serán obxecto de bonificación unicamente os estudos conducentes a un grao oficial.

Na súa virtude, en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, tras o informe do Consello Galego de Universidades, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e catro de xuño de dous mil vinte e catro,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto

1. O obxecto do presente decreto é fixar, para o curso 2024/25, os prezos públicos que hai que satisfacer polos servizos académicos e administrativos por estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional impartidos polas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia e polos seus centros adscritos, que serán aboados segundo as normas que se establecen nos seguintes artigos e nas contías sinaladas no anexo deste decreto.

2. O importe dos prezos por estudos conducentes a títulos ou diplomas que non teñan carácter oficial será fixado nas universidades públicas galegas polo respectivo consello social, de conformidade co establecido no artigo 75.3.f) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

Artigo 2. Prezos públicos

1. Ensinanzas de grao. Os prezos públicos que serán aboados pola matrícula son os establecidos no número 1 da tarifa primeira do anexo. A liquidación dos prezos farase en función do número de créditos en que se realice a matrícula.



2. Ensinanzas de máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España segundo o establecido na normativa estatal e europea aplicable e análogas. Os prezos públicos que serán aboados pola matrícula son os establecidos no número 2 da tarifa primeira do anexo. A liquidación dos prezos farase en función do número de créditos en que se realice a matrícula.

3. Ensinanzas de máster non comprendidas no punto anterior. Os prezos públicos que serán aboados pola matrícula son os establecidos no número 3 da tarifa primeira do anexo. A liquidación dos prezos farase en función do número de créditos en que se realice a matrícula.

4. Programas oficiais de doutoramento. Os prezos públicos que se aboarán pola matrícula en programas de doutoramento son os establecidos no número 4 da tarifa primeira do anexo, en concepto de titoría anual de doutoramento.

A formalización da matrícula nun programa de doutoramento por primeira vez no prazo extraordinario fixado polas universidades suporá o aboamento do 50 % da devandita tarifa.

5. A universidade establecerá, mediante resolución reitoral debidamente motivada, os prezos que deberá aboar pola matrícula en estudos de grao e máster o alumnado estranxeiro maior de dezaioito anos que non teña a condición de residente de longa duración ou permanente en España, con exclusión daquelas persoas que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou daquelas a que lles sexa de aplicación o réxime comunitario. En todo caso, estes prezos terán como límite máximo os vixentes para esta tipoloxía de estudantado no curso 2023/24 na mesma universidade.

Para estes efectos, as universidades consultarán a condición de residencia legal nas plataformas de intermediación de datos ou noutros sistemas electrónicos habilitados para o efecto.

6. O alumnado mencionado nos números anteriores deberá aboar, así mesmo, os prezos correspondentes á tarifa terceira, punto 2, do anexo deste decreto que lle correspondan.

Artigo 3. Centros adscritos

O alumnado dos centros adscritos aboaralle á universidade, en concepto de expediente académico e de proba de avaliación, o 25 % dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo, sen prexuízo do establecido no correspondente convenio que o dito centro asinase coa respectiva universidade. Os demais prezos aboaranse na contía íntegra prevista.

Artigo 4. Recoñecemento e transferencia de créditos e acreditación de competencias nos programas correspondentes a estudos universitarios

1. O recoñecemento de créditos académicos, regulado polo Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, fai referencia ao procedemento de aceptación por parte dunha universidade de créditos obtidos noutros estudos oficiais, na mesma ou noutra universidade, para que formen parte do expediente do ou da estudante para o efecto de obter un título universitario oficial diferente do que proceden.



Este recoñecemento será gratuíto para os créditos conducentes á obtención dunha titulación, con idéntica ou similar denominación, e cursados consonte un plan de estudos, se provén de centros públicos. Esta mesma consideración estenderase aos estudos cursados en titulacións que, por transformación, son substituídos por novas titulacións de grao.

No caso de créditos conducentes á obtención doutra titulación oficial distinta da cursada, a persoa solicitante deberá aboarlle á universidade que realice o recoñecemento o 25 % dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo.

2. A transferencia de créditos académicos, regulada polo Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, fai referencia á inclusión, no expediente académico e no suplemento europeo ao título, da totalidade dos créditos obtidos en ensinanzas oficiais cursadas previamente, indistintamente da universidade, que non conducisen á obtención dun título universitario oficial.

Esta transferencia será gratuíta se provén de centros públicos. No caso de centros non públicos ou centros estranxeiros, a persoa solicitante aboalle á universidade de destino o prezo fixado no punto 2.e) da tarifa terceira do anexo.

3. Nos estudos de máster e programas de doutoramento, os prezos que se aboarán polo recoñecemento de créditos ou pola acreditación de competencias serán o 25 % dos prezos establecidos nos números 2, 3 ou 4 da tarifa primeira do anexo.

Artigo 5. Modalidades de matrícula

O estudantado que curse estudos universitarios oficiais poderá matricularse en réxime de dedicación a tempo completo ou a tempo parcial, segundo o que estableza a normativa da universidade en que curse os estudos.

Para cada curso, o número mínimo e máximo de créditos en que se poderá matricular un/unha estudante a tempo parcial quedará fixado na normativa de progreso e permanencia de cada universidade ou en calquera outra que regule esta materia.

En todo caso, o alumnado que comece os seus estudos de grao a tempo completo deberá matricularse do primeiro curso na súa integridade, coa excepción dos casos en que se recoñezan materias do dito primeiro curso, suposto en que os prezos son os establecidos no artigo 4, e outros réximes de matrícula.

Artigo 6. Forma de pagamento

As persoas obrigadas ao pagamento dos prezos públicos por servizos académicos e administrativos establecidos no anexo deste decreto deberán liquidar os importes correspondentes no momento de formalizar a súa matrícula. En todo caso, deberán aboar a totalidade dos custos administrativos e poderán elixir, para o caso dos prezos públicos por servizos académicos, entre a modalidade de pagamento único ou fraccionado, nas condicións e prazos que a universidade estableza para efectuar a liquidación e o pagamento mediante resolución reitoral.



No caso de optar polo pagamento fraccionado, as contías reguladas na tarifa segunda, avaliación e probas, e na tarifa terceira, títulos e secretaría, aboaranse integramente no primeiro prazo.

Artigo 7. Exercicio do dereito de matrícula

1. O importe dos prezos de matrícula calcularase en función das circunstancias acreditadas pola persoa que se matricule no momento da súa formalización, agás que unha disposición legal estableza outro prazo.
2. O aboamento do prezo da matrícula dará dereito, con carácter xeral, a dúas oportunidades de exame en cada unha das materias en que a persoa formalizase a matrícula, atendendo, en todo caso, ás circunstancias académicas recollidas na normativa de permanencia de cada universidade.
3. O dereito de matrícula establecido no parágrafo anterior exercerase no marco do réxime de horarios xerais fixados en cada centro.
4. En todo caso, o dereito ao exame e á avaliación correspondente quedará limitado polas incompatibilidades académicas derivadas dos plans de estudo.
5. Nos programas de doutoramento o aboamento do prezo da matrícula comportará o dereito de uso dos servizos académicos e suporá o mantemento da vinculación académica coa universidade.

Artigo 8. Anulación da matrícula por instancia de parte

1. Cada universidade establecerá na súa convocatoria de matrícula un período ao inicio do curso no cal o estudiantado poderá solicitar a anulación da matrícula ante o órgano correspondente da universidade. De resultar estimada, suporá a devolución, se é o caso, das contías aboadas en concepto de prezo público por servizos académicos e non suporá cómputo en número de matrículas nin efectos derivados desta. No caso das persoas que teñan a condición de bolseiras, deberán presentar xustificante de renuncia e as persoas solicitantes da bolsa, xustificante de que desisten da súa solicitude de bolsa, xunto coa correspondente anulación de matrícula.
2. A solicitude de anulación de matrícula por instancia da persoa matriculada efectuada fóra dos prazos sinalados no punto anterior, se resulta estimada, non producirá a devolución da totalidade do aboado ata o momento nin eximirá do pagamento que poida restar dos prezos públicos, xa que dependerá dos servizos académicos utilizados ata o momento da anulación, de acordo co regulado por cada universidade na súa convocatoria de matrícula. Non se computarán o número de matrículas nin os efectos derivados desta.
3. En todo caso, nas devolucions que procedan non se incluírán as contías que correspondan á apertura do expediente académico nin ao seguro escolar.

Artigo 9. Falta de pagamento



1. A falta de pagamento do importe total ou parcial do prezo público, segundo a opción elixida pola persoa que se matricula, poderá supor a denegación, anulación ou suspensión da matrícula nos termos e cos efectos previstos na normativa da universidade, con perda das cantidades que xa se aboasen.

2. A universidade poderá exixir o pagamento das contías pendentes por matrícula ou por servizos complementarios como condición previa á formalización de matrícula, ou expedición de títulos ou certificados, consonte os procedementos legalmente establecidos.

Artigo 10. Bolsas

1. Estarán exentas do aboamento dos prezos públicos por matrícula as persoas físicas beneficiarias de bolsas con cargo aos orzamentos xerais do Estado, así como aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, cando esta bolsa teña un compoñente para este concepto.

2. O alumnado que, no momento de formalizar a súa matrícula, se acolla á exención de prezos públicos por solicitar a concesión dunha bolsa das previstas no parágrafo anterior deberá presentar xustificación desta circunstancia. Se posteriormente non obtén a condición de persoa bolseira ou lle é revogada a bolsa concedida, estará obrigado ao aboamento do prezo da matrícula que efectuou. A falta de pagamento suporá a aplicación do establecido no artigo 9 deste decreto.

3. Non obstante, de conformidade co disposto na normativa que regula as bolsas e axudas de carácter xeral para estudos universitarios, a universidade poderá requirir de xeito cauteloso o aboamento dos ditos prezos públicos ao alumnado que non cumpra os requisitos establecidos na citada normativa.

Artigo 11. Matrículas de honra

1. O alumnado de grao e de máster universitario que obteña créditos coa mención de matrícula de honra estará exento do pagamento dos prezos públicos fixados na tarifa primeira do anexo para as materias en que se matricule por primeira vez, nun número equivalente aos créditos de que consten as materias en que obtívase a dita mención no curso académico inmediatamente seguinte a aquel en que obteña a dita mención, sempre que pertencen aos mesmos estudos ou a estudos da mesma rama de coñecemento.

Esta exención aplicarase do mesmo xeito no caso de cursar unha segunda titulación de grao ou máster universitario na mesma rama de coñecemento e no curso inmediatamente seguinte a aquel en que se obtivo a dita mención.

A dita exención aplicarase no caso de cursar o máster universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, independentemente da rama de coñecemento a que estea adscrito o grao de procedencia.



2. Terá dereito á exención do pagamento dos prezos públicos fixados na tarifa primeira do anexo, por unha soa vez, no primeiro curso de ensinanzas de grao, o alumnado que inicie estudos universitarios e acredite ter obtido:

- a) Matrícula de honra global no segundo curso de bacharelato ou ciclo formativo de formación profesional de grao superior.
- b) Premio extraordinario de bacharelato ou de formación profesional de grao superior.
- c) Medalla en olimpíadas académicas acreditadas de ámbito nacional ou internacional.

3. En ningún caso a bonificación poderá superar o importe total da matrícula.

O dereito a esta bonificación non será de aplicación no caso de que a matrícula de honra sexa consecuencia da validación de materias ou de recoñecemento de créditos.

A aplicación das correspondentes bonificacións levarase a cabo unha vez calculado o importe da matrícula, con base no prezo establecido por crédito en primeira matrícula.

Artigo 12. Exencións

1. En cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para os efectos da aplicación das exencións previstas no presente decreto, as universidades obterán electronicamente a documentación requirida a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, cando a dita documentación estea en poder da universidade ou doutra Administración pública.

2. A condición que dea lugar á exención de que se trate deberá estar vixente, na forma legalmente establecida, durante o prazo de matrícula fixado por cada universidade e deberá acreditarse dentro do devandito prazo.

3. Familias numerosas.

En aplicación do establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas; no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o alumnado membro de familia numerosa de categoría especial está exento do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos e administrativos previstos no anexo deste decreto. O alumnado membro de familia numerosa de categoría xeral gozará dunha bonificación do 50 % dos ditos prezos.

A condición de familia numerosa deberá acreditarse mediante documento oficial expedido pola Administración autonómica competente.

No caso de que o documento acreditativo da condición de familia numerosa estivese en fase de tramitación nese momento, poderán aplicarse os beneficios a el asociados logo da presentación



do xustificante da solicitude de recoñecemento ou renovación deste, así como unha declaración responsable da categoría en que se encadra. Neste caso, deberá presentarse o documento oficial acreditativo antes do 31 de decembro do ano en curso e, de non ser así, anularanse automaticamente os beneficios concedidos e aboarase o importe da matrícula correspondente.

Cando o título concedido sexa de categoría inferior á declarada, deberá aboarse a diferenza que corresponda.

A perda da condición de membro de familia numerosa e o cambio de categoría durante o curso académico non alterará o gozo e a contía do beneficio ata o seu remate.

4. Persoas con discapacidade.

De conformidade co previsto no artigo 37 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, en relación co artigo 19 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, o alumnado que teña a condición de persoa con discapacidade ou con funcionalidades diversas terá dereito á exención total de pagamento dos prezos públicos por servizos académicos e administrativos, previstos no anexo deste decreto, nos estudos conducentes á obtención dun título universitario.

A condición de persoa con discapacidade acreditarase mediante a correspondente resolución administrativa expedida polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

O alumnado que, no momento de formalizar a súa matrícula, se acolla á exención de prezos públicos por solicitar no organismo competente a valoración do grao de discapacidade, con anterioridade ao inicio do prazo de matriculación dos estudos a que desexa acceder, deberá presentar xustificación desta circunstancia e de que lle comunicou ao citado organismo o carácter de urxencia conforme a normativa correspondente.

Se posteriormente non obtén a condición de persoa con discapacidade en grao igual ou superior ao 33 %, estará obrigado a aboar o prezo da matrícula que efectuou. A falta de pagamento suporá a aplicación do establecido no artigo 9 deste decreto.

Non obstante, de conformidade co disposto na normativa que regula o procedemento para o recoñecemento, a declaración e a cualificación do grao de discapacidade, a universidade poderalle requirir de xeito cautelar o aboamento dos ditos prezos públicos ao alumnado que non cumpra os requisitos establecidos na citada normativa e/ou cando non quede suficientemente acreditada a solicitude e/ou a comunicación de urxencia do procedemento correspondente.

5. Vítimas do terrorismo.

De conformidade co previsto no artigo 38 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, e no artigo 39 do Real decreto 671/2013, do 6 de setembro, polo que se aproba o regulamento da anterior lei, están exentas



de pagamento dos prezos públicos por servizos académicos e administrativos previstos no anexo deste decreto nos centros oficiais de estudos de todos os niveis de ensino as vítimas de actos terroristas, así como os seus cónxuxes e fillos/as.

A condición de vítima de terrorismo deberá acreditarse segundo o disposto no artigo 4.bis), número 3, da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo.

6. Vítimas de violencia de xénero.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, as persoas que teñan a condición de vítimas de violencia de xénero, así como os seus fillos e fillas e menores de idade suxeitos á súa tutela e garda e custodia, están exentas do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos. En consecuencia, deberán aboar unicamente os prezos da tarifa terceira.

Os menores que estean suxeitos á tutela e garda e custodia das mulleres vítimas de violencia de xénero continuarán gozando da exención prevista anteriormente unha vez que acaden a maioría de idade.

A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase mediante calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Tras ser declarada a exención por este motivo, manterase durante o período ordinario de realización deses estudos.

7. Beneficiarios da prestación do ingreso mínimo vital.

De conformidade co previsto na disposición adicional sétima da Lei 19/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital, as persoas beneficiarias da prestación do ingreso mínimo vital, ás cales se lles recoñeza a dita condición, estarán exentas do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos universitarios para realizar estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial. En consecuencia, deberán aboar unicamente os prezos da tarifa terceira.

A condición de persoa beneficiaria do ingreso mínimo vital acreditarase mediante a resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social prevista no artigo 28.3 da Lei 19/2021, do 20 de decembro.

Artigo 13. Bonificación por créditos superados en primeira matrícula

O estudiantado dos centros propios e adscritos das universidades públicas do SUG terá dereito a unha bonificación equivalente ao 99 % do prezo dos créditos que tivese superado en primeira matrícula nos estudos de grao nos termos seguintes:

1. Alumnado de novo ingreso.



Para acceder á bonificación, o alumnado de novo ingreso deberá cumprir algún dos seguintes requisitos:

a) Ter superado nalgunha das convocatorias de 2024 a proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) ou ben as probas específicas para maiores de 25 e 45 anos, organizadas pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG).

b) Ter superado no curso 2024 un ciclo formativo de grao superior.

2. Alumnado de continuidade.

Para acceder á bonificación, o alumnado de continuidade deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter cursado estudos de grao no curso 2023/24 nalgún centro propio ou adscrito a unha universidade pública do SUG.

b) Estar matriculado no curso 2024/25 na totalidade dos créditos correspondentes ás materias previstas para o curso de que se trate, segundo o plan de estudos en estudos de grao, nalgún centro propio ou adscrito a unha universidade pública do SUG.

c) Ter superados en primeira matrícula no curso 2023/24, como mínimo, as seguintes porcentaxes de créditos matriculados previstos para cada curso no plan de estudos aprobado mediante resolución do Consello de Universidades:

Rama ou área de coñecemento

Porcentaxe de créditos que hai que superar

Artes e Humanidades

90 %

Ciencias

65 %

Ciencias Sociais e Xurídicas

90 %

Ciencias da Saúde

80 %

Enxeñaría e Arquitectura

65 %



d) Cando se trate de programas de simultaneidade de graos pertencentes a distintas ramas ou áreas de coñecemento, o rendemento académico necesario para obter a bonificación será o establecido para a rama de menor exigencia.

e) No caso de matrícula a tempo parcial, para obter a bonificación será necesario superar a totalidade dos créditos matriculados no curso 2023/24.

Para os efectos da bonificación, tomaranse en consideración os créditos correspondentes a materias superadas en primeira matrícula no curso 2023/24.

3. Beneficiarios da bolsa de matrícula do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

A bonificación aplicarase ao importe da matrícula do curso 2024/25 non cuberta pola bolsa do Ministerio de Educación e Formación Profesional. Para estes efectos, o estudiantado que reúna os requisitos académicos para obter a dita bolsa terá en conta o seguinte:

a) Se foi beneficiario da bolsa do Ministerio durante o curso 2023/24, deberá achegar a solicitude de bolsa para o curso 2024/25, presentada en prazo e forma, ou ben a autorización á universidade para comprobar este aspecto.

b) Se non foi beneficiario da bolsa do Ministerio durante o curso 2023/24 deberá ou ben acreditar a solicitude da dita bolsa para o curso 2024/25, nos termos da letra anterior, ou ben presentar, no momento de formalización da matrícula, declaración responsable de non cumprir os requisitos económicos para a súa obtención, segundo o establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O feito de non achegar a solicitude ou a falsidade, a inexactitude ou a omisión de datos necesarios na declaración responsable darán lugar ao ingreso da parte do prezo público que se considerou bonificada, cos xuros e recargas que procedan.

En todo caso, para acceder á bonificación, o alumnado de continuidade deberá cumprir os requisitos establecidos no punto 2 deste artigo.

4. Créditos bonificables.

Só serán obxecto de bonificación os créditos que sexan necesarios para obter un só título de grao por estudante, agás no caso de programas de simultaneidade, nos cales será aplicable aos créditos correspondentes a ambos os graos, conforme o plan de estudos en que se matricula o alumnado.

5. Recoñecemento e transferencia de créditos.

Esta bonificación aplicarase nos supostos de recoñecemento e transferencia de créditos nos seguintes casos:

– Por acceso desde un ciclo formativo de grao superior.



– Por cambio de estudos de grao de carácter oficial na mesma universidade ou entre universidades públicas do SUG e por unha soa vez.

– Por estudos realizados en programas de mobilidade estudiantil, xa sexa no marco da Unión Europea ou os realizados mediante convenios específicos entre universidades, e conforme o correspondente acordo académico de mobilidade asinado polo estudiantado.

6. Cálculo da bonificación.

O prezo de referencia para o cálculo da bonificación para o estudiantado de grao de centros propios das universidades públicas do SUG será o establecido neste decreto para o crédito en primeira matrícula dos estudos de grao en que se matricule.

O importe da bonificación será o 99 % da contía da totalidade dos créditos matriculados no caso de estudiantado de novo ingreso. Para o alumnado de continuidade, o importe da bonificación será o 99 % do resultante de multiplicar o número de créditos aprobados en primeira matrícula no curso 2023/24.

A bonificación aplicarase, como máximo, aos prezos públicos correspondentes ao número de créditos en primeira matrícula en que se matricule o estudiantado e exclusivamente sobre os servizos académicos, sen que poida dar lugar, en ningún caso, á devolución de importes.

Esta bonificación efectuarase logo de aplicar calquera outra bonificación e/ou exención recollida no presente decreto ou no resto da normativa vixente.

7. Estudiantado de centros adscritos.

No caso do estudiantado matriculado en centros adscritos ás universidades públicas do SUG, a bonificación aplicarase sobre a parte que os/as estudantes lle deban aboar á universidade en concepto de expediente académico e proba de avaliación, de conformidade co disposto no artigo 3.

8. Información ao estudiantado.

No documento resultante do proceso de matrícula, dixital ou impreso, deberá constar a contía da bonificación aplicada, con indicación de que se trata dunha bonificación concedida pola Xunta de Galicia. Para tal efecto, incluírase o texto «Bonificación 99 % pola Xunta de Galicia».

Artigo 14. Inicio do curso académico no SUG

Co fin de facilitar a incorporación do estudiantado, o 9 de setembro de 2024 será a data de inicio das actividades académicas de docencia nas titulacións oficiais de grao e máster correspondentes ao primeiro cuadrimestre nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia.

Disposición adicional primeira. Compensacións ás universidades



Os prezos por servizos académicos e administrativos que as universidades públicas do Sistema universitario de Galicia deixen de percibir como consecuencia da concesión de bolsas ou axudas ao estudo serán financiados con cargo aos orzamentos xerais do Estado na cantidade correspondente ao límite inferior do intervalo establecido para o prezo público en cada ensino.

A Comunidade Autónoma de Galicia financiará con cargo aos seus orzamentos a diferenza entre o prezo público fixado neste decreto e o vixente no curso 2012/13.

Para estes efectos, as universidades públicas do Sistema universitario de Galicia solicitaranlle á Comunidade Autónoma a compensación pola diferenza existente entre os prezos públicos e os límites mínimos correspondentes a cada ensino, e determinarán as contías que se compensarán mediante certificación do órgano competente. A contía resultante financiarase con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio inmediatamente posterior, segundo o previsto no punto VIII do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026.

Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Galicia compensará as universidades públicas do SUG no exercicio 2024 polos importes dos prezos públicos non satisfeitos polo estudantado, en aplicación do previsto no artigo 13, e na contía que resulte da certificación do órgano competente da universidade emitida antes do 31 do mes de outubro. As contías que por este concepto se deixen de percibir en posteriores períodos de matrícula compensaranse con cargo aos orzamentos do exercicio inmediatamente posterior, logo de certificación.

Disposición adicional segunda. Relación de estudos de grao e máster universitarios oficiais

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional fará pública a relación dos estudos de grao e máster universitarios oficiais que serán impartidos no curso 2024/25 no Sistema universitario de Galicia.

Disposición adicional terceira. Comunicación de datos

As universidades públicas do Sistema universitario de Galicia deberanlle facilitar á consellería competente en materia de universidades, antes do 15 de febreiro de 2025, o número de persoas matriculadas en cada unha das titulacións en centros propios e centros adscritos, distinguindo a primeira e sucesivas matrículas, as ensinanzas oficiais de grao, máster universitario e doutoramento. Así mesmo, comunicarán o número total de créditos matriculados para cada unha das titulacións.

Todos os datos referidos ás persoas físicas estarán desagregados por sexo.

Disposición adicional cuarta. Excepción á data de inicio de curso



Queda exceptuado da aplicación do disposto no artigo 14 deste decreto o Centro Universitario da Defensa, Escola Naval Militar de Marín, centro adscrito á Universidade de Vigo, que se rexerá pola normativa ditada para tal fin polo Ministerio de Defensa.

Disposición transitoria única. Titulacións pendentes de autorización

Poderase realizar a matrícula en ensinanzas en trámite de autorización, modificación ou substitución sempre que as ditas titulacións contén coa resolución favorable de verificación do Consello de Universidades, antes do día 15 de setembro de 2024, e que a súa oferta de prazas conte coa autorización da Comunidade Autónoma e da Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento normativo

Habilitase a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do presente decreto.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e será de aplicación para os prezos públicos correspondentes ao curso académico 2024/25.

Santiago de Compostela, vinte e catro de xuño de dous mil vinte e catro
Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

Román Rodríguez González

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

ANEXO

Tarifa primeira. Actividade docente

1. Ensinanzas de grao (prezo dun crédito).

Primeira matrícula

Segunda matrícula



Terceira matrícula

Cuarta e sucesivas matrículas

Epígrafe A)

13,93 €

19,30 €

31,21 €

39,79 €

Epígrafe B)

9,85 €

13,62 €

22,04 €

28,06 €

Epígrafe A)

Titulacións encadradas dentro da rama de Ciencias, Ciencias da Saúde, Enxeñaría e Arquitectura, e grao en Belas Artes

Epígrafe B)

Titulacións encadradas dentro da rama de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas

2. Ensinanzas de máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España segundo o establecido na normativa estatal europea aplicable e análogas (prezo dun crédito).

Primeira matrícula

Segunda matrícula

Terceira matrícula

Cuarta e sucesivas matrículas

Epígrafe A)

13,93 €



19,30 €

31,21 €

39,79 €

Epígrafe B)

9,85 €

13,62 €

22,04 €

28,06 €

Epígrafe A)

- Máster universitario en Enxeñaría de Montes
- Máster universitario en Enxeñaría Industrial
- Máster universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria
- Máster universitario en Enxeñaría Agronómica
- Máster universitario en Enxeñaría de Camiños, Canles e Portos
- Máster universitario en Enxeñaría de Minas
- Máster universitario en Enxeñaría de Telecomunicacións
- Máster universitario en Enxeñaría Naval e Oceánica
- Máster universitario en Enxeñaría Mariña
- Máster universitario en Náutica e Transporte Marítimo
- Máster universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos
- Máster universitario en Enxeñaría Informática
- Máster universitario en Prevención de Riscos Laborais
- Máster universitario en Arquitectura

Epígrafe B)



– Máster universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas

– Máster universitario en Avogacía

– Máster universitario en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns

3. Outras ensinanzas de máster oficiais (prezo dun crédito).

Primeira matrícula

Segunda e sucesivas matrículas

Epígrafe A)

13,93 €

38,54 €

Epígrafe B)

9,85 €

26,68 €

Epígrafe A)

Epígrafe B)

Másters non comprendidos no punto anterior, encadrados dentro da rama de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas

4. Doutoramento.

Estudos conducentes ao título de doutor/a regulados polo Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, e Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro

Cursos ou complementos formativos en ECTS

32,00 €/crédito

Cursos non estruturados en ECTS

3,30 €/hora

Titoría anual de doutoramento

200,00 €



Tarifa segunda. Avaliación e probas

1. Probas de acceso á universidade

63,67 €

2. Realización de requisitos formativos complementarios para a homologación de títulos estranxeiros de educación superior:

a) Proba de aptitude/proba de conxunto

116,53 €

b) Período de prácticas correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe A)

13,93 €/crédito

c) Período de prácticas correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe B)

9,85 €/crédito

d) Proxecto ou traballo

116,53 €

e) Cursos tutelados correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe A)

13,93 €/crédito

f) Cursos tutelados correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe B)

9,85 €/crédito

3. Exame para a obtención do título de doutor/a

117,09 €

4. Equivalencia ao nivel académico de doutor/a

118,00 €

Tarifa terceira. Títulos e secretaría

1. Expedición de títulos académicos

a) Doutor/a

183,10 €



b) Licenciado/a, arquitecto/a ou enxeñeiro/a, grao, máster oficial

123,10 €

c) Diplomado/a, arquitecto/a técnico/a ou enxeñeiro/a técnico/a

60,10 €

d) Diploma de estudos avanzados

59,16 €

e) Duplicados de títulos universitarios oficiais e do SET

28,09 €

2. Secretaría

a) Apertura de expediente académico ao comezar os estudos

22,31 €

b) Certificacións académicas e traslados de expediente académico

22,31 €

c) Expedición e mantemento de tarxetas de identidade

4,79 €

d) Solicitude de recoñecemento do nivel de formación de estudos estranxeiros

27,09 €

e) Solicitude de transferencia de créditos

30,00 €

